Asinado dixitalmente por:
Rexistro electrónico
Data: 26/10/2023 01:43:14
Razón: Rexistro electrónico
Localización: Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 135

Sesión plenaria
28 de xullo de 2023

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira

CSV: BOPGDSPG-FjbEnKOpS-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ORDE DO DÍA

Punto único.

Designación de senadoras ou senadores representantes da Comunidade Autónoma de Galicia (art. 165 do Regulamento do Parlamento de Galicia) (11/PSND-000003).

CSV: BOPGDSPG-FjbEnkOpS-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e corenta e cinco minutos da mañá.

O señor presidente abre a sesión, que consta dun punto único. (Páx. 4.)

Designación de senadoras ou senadores representantes da Comunidade Autónoma de Galicia. (Punto único da orde do día.)

O señor presidente describe o proceso regulamentario e o procedemento para a designación de senadores ou senadoras representantes da Comunidade Autónoma de Galicia, que é o voto en urna por chamamento. Así mesmo, comunica que a distribución de representantes por grupos parlamentarios son dous por parte do G. P. Popular de Galicia e un por parte do G. P. do Bloque Nacionalista Galego. (Páx. 4.)

A señora secretaria, Porro Martínez, fai o chamamento, por orde alfabética, dos deputados e das deputadas, que depositan o seu voto na urna; a seguir faino o deputado membro do Goberno e finalmente os membros da Mesa. (Páx. 4.)

Rematada a votación, procédese ao escrutinio e o presidente comunica o resultado. (Páx. 5.)

Votación para a elección de senadoras ou senadores representantes da Comunidade Autónoma de Galicia: *votos a favor de don José Manuel Baltar Blanco, 42; votos a favor de don José Manuel Rey Varela, 42; votos a favor de dona María Carme da Silva Méndez, 30; votos nulos, 3.*

Polo tanto, acadado o apoio da Cámara, quedan designados don José Manuel Baltar Blanco, don José Manuel Rey Varela e dona María Carme da Silva Méndez senadores e senadora en representación da Comunidade Autónoma de Galicia. (Páx. 5.)

O señor Arangüena Fernández (S) solicita a palabra con base no artigo 77, mais o señor presidente considera que o asunto suscitado non se axusta ao Regulamento. (Páx. 5.)

Remata a sesión ás once da mañá.

CSV: BOPGDSPG-FjbEnKOpS-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Ábrese a sesión ás dez e corenta e cinco minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Iniciamos outro pleno. Polo tanto, vólvese abrir a sesión. A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*, polo que non procedemos á súa lectura.

Non hai xustificación de inasistencias e entramos na orde do día, que ten un punto único.

Designación de senadoras ou senadores representantes da Comunidade Autónoma de Galicia.

O señor PRESIDENTE: O punto é a designación de senadoras ou senadores en representación da Comunidade Autónoma de Galicia, artigo 165 do Regulamento do Parlamento de Galicia. O procedemento para a designación das senadoras ou senadores en representación da Comunidade Autónoma de Galicia para a décimo quinta lexislatura das Cortes Xerais iniciouse polo acordo da Mesa e da Xunta de Portavoces do 18 de xullo de 2023. E fixouse que o número de senadoras ou senadores para designar son tres —conforme o disposto no artigo 10 do Estatuto de autonomía de Galicia—. A súa distribución faise en proporción da representación das distintas forzas políticas existentes na Cámara, o que determina que ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia lle corresponden dous candidatos ou candidatas e ao Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego lle corresponde un candidato ou candidata. Rematado o prazo de presentación de propostas o pasado día 26 de xullo, por resolución da Presidencia desta mesma data, admitíronse a trámite as propostas dos grupos parlamentarios e designouse candidata e candidatos para senadora e senadores.

A elección efectuarase por papeletas, conforme o disposto no artigo 91 do Regulamento do Parlamento de Galicia. Na papeleta, elaborada polos servizos da Cámara e repartida para os efectos, figuran os nomes da candidata e dos candidatos propostos. Cada deputada ou deputado emitirá o seu voto marcando cunha aspa no recadro ou recadros correspondentes. De non marcarse ningún recadro, considerarase voto en branco; de introducirse algunha emenda, riscada ou calquera outro asunto, declararíase voto nulo.

Supoño que xa todos vostedes están en posesión das papeletas. ¿Hai alguén que non a ten? *(Pausa.)* Están todas. Polo tanto, comezaremos a votación por chamamento, que fará a secretaria da Mesa, a señora Porro Martínez. Prégolles tamén á vicepresidenta primeira e á vicesecretaria que se sitúen onda a urna para a recollida das papeletas.

(A señora secretaria, Porro Martínez, fai o chamamento, por orde alfabética, dos deputados e das deputadas, que depositan o seu voto na urna; a seguir faino o deputado membro do Goberno e finalmente os membros da Mesa.)

O señor PRESIDENTE: ¿Votaron todas as deputadas e deputados? *(Pausa.)* Parece que si. Entón procedemos ao escrutinio.

(Pausa para a realización do escrutinio.)

O señor PRESIDENTE: Efectuado o escrutinio, o resultado da votación é o seguinte: votos a favor de don José Manuel Baltar Blanco, 42; votos a favor de don José Manuel Rey Varela, 42;

CSV: BOPGDSPG-FjbEnkOpS-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

votos a favor de dona María Carme da Silva Méndez, 30; votos nulos, 3; votos en branco, non hai. O resultado da votación é favorable.

Polo tanto, acadado o apoio da Cámara, desígnanse senadora e senadores en representación da Comunidade Autónoma de Galicia para a décimo quinta lexislatura do Senado a don José Manuel Baltar Blanco, a don José Manuel Rey Varela e a dona María Carme da Silva Méndez. Noraboa aos tres. *(Aplausos.)* .

(Pronúncianse palabras que non se perciben.).

¿Perdón?.

(O señor Arangüena Fernández solicita a palabra.).

Si, señor Arangüena, ¿para que quere a palabra?

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Con base no artigo 77, gustaríame simplemente expresar...

O señor PRESIDENTE: Non, primeiro imos mirar cal é o artigo 77, que eu non o sei de memoria. *(Pausa.)*.

(O señor Arangüena Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)

Non, espere. Imos mirar cal é o artigo. *(Pausa.)*

O artigo 77 fala da observancia do Regulamento. Entón, ¿cal é a súa cuestión?

Déanlle voz ao escano do señor Arangüena.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Escoitei que hai tres votos nulos.

O señor PRESIDENTE: Si.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Gustaríame pensar que ningún deles é o meu. E quero aclarar que eu o que fixen foi poñer «non» a carón do nome do señor Baltar para votar en contra...,.

O señor PRESIDENTE: Ben, pero iso é voto nulo. *(Murmurios.)*

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: ...votar negativamente o señor Baltar.

O señor PRESIDENTE: Perdón, iso non forma...

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Perdoe, señor presidente, déixeme rematar a miña argumentación. *(Protestas.)*

CSV: BOPGDSPG-FjbEnKOpS-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Iso non forma parte desta sesión.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Se me deixa rematar a miña argumentación…

O señor PRESIDENTE: Non. Non ten a palabra, señor Arangüena.

(O señor Arangüena Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)

Síntoo, non ten a palabra.

(O señor Arangüena Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)

Non, non o están escoitando. Non ten a palabra.

Rematou este pleno. E, polo tanto, agora continuamos con outra sesión plenaria extraordinaria.

Remata a sesión ás once da mañá.

CSV: BOPGDSPG-FjbEnkOpS-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Aira Díaz, María del Carmen (BNG)
2. Álvarez Martínez, Luis Manuel (S)
3. Amigo Díaz, María Encarnación (P)
4. Arangüena Fernández, Pablo (S)
5. Arias Rodríguez, Raquel (P)
6. Armada Pérez, José Antonio (P)
7. Balseiro Orol, José Manuel (P)
8. Bará Torres, Xosé Luís (BNG)
9. Blanco Paradelo, Moisés (P)
10. Caballero Miguez, Gonzalo (S)
11. Cachafeiro Anta, Belén (P)
12. Calvo Pouso, Diego (P)
13. Candia López, María Elena (P)
14. Carballo Páez, Ramón (P)
15. Carreira Pazos, Iria (BNG)
16. Castro García, Daniel (BNG)
17. Castro Rey, Paloma (S)
18. Conde López, Francisco José (P)
19. Díaz Mouteira, María Sol (P)
20. Díaz Varela, Noa Susana (S)
21. Egerique Mosquera, Teresa (P)
22. Fernández Alfonzo, Ramón (BNG)
23. Fernández Davila, María Cristina (BNG)
24. Fernández Gómez, Alexandra (BNG)
25. Ferro Iglesias, José Luis (P)
26. Freire Vázquez, María Begoña (P)
27. Gallego Sanromán, María Leticia (S)
28. García Vidal, Ana Belén (P)
29. Gómez Salgado, Carlos (P)
30. González Iglesias, María do Carme (BNG)
31. López Abella, María Susana (P)
32. López Sánchez, Rosalía (P)
33. Lorenzo Gómez, Rubén (P)
34. Lourenzo Moura, Diego (BNG)
35. Mouzo Mas, Paula (P)
36. Murillo Solís, María Guadalupe (P)
37. Ojea Arias, Eduardo (S)
38. Ortega Otero, Marina (S)
39. Otero Lago, Noelia (S)
40. Otero Rodríguez, Patricia (S)
41. Pardo López, Adrián (P)
42. Pazos Couñago, José Alberto (P)
43. Pérez Domínguez, Fernando (P)
44. Pérez Fernández, Rosana (BNG)
45. Pérez López, Daniel (BNG)
46. Pérez López, Noelia (P)
47. Pomar Tojo, Carmen María (P)
48. Pontón Mondelo, Ana (BNG)
49. Porro Martínez, María Corina (P)
50. Prado Cores, María Montserrat (BNG)
51. Prado del Río, Paula (P)
52. Prado Patiño Jesús Miguel (P)
53. Presas Bergantiños, Noa (BNG)
54. Puy Fraga, Pedro (P)
55. Queixas Zas, Mercedes (BNG)
56. Ríos Santomé, Paulo (BNG)
57. Rivas Cruz, Xosé Luís (BNG)
58. Rodil Fernández, Olalla (BNG)
59. Rodríguez Carrera, María Felisa (P)
60. Rodríguez Conde, Ángel (P)
61. Rodríguez Dacosta, María del Carmen (S)
62. Rodríguez Pérez, Moisés (P)
63. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María (P)
64. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña (S)
65. Rueda Valenzuela, Alfonso (P)
66. Salido Maroño, María Belén (P)
67. Santalices Vieira, Miguel Ángel (P)
68. Santos Costa, Manuel (P)
69. Sanz Arias, Cristina (P)
70. Seco García, Martín (S)
71. Suárez Sarmiento, María Elena (P)
72. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago (BNG)
73. Torrado Quintela, Julio (S)
74. Vázquez Domínguez, Sandra (P)
75. Verea Fraiz, Borja (P)

CSV: BOPGDSPG-FjbEnkOpS-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

CSV: BOPGDSPG-FjbEnKOpS-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/